

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA
--

7.1. NAS MATERIAS DE TECNOLOXÍA DE 2º e 3º ESO

O alumnado será avaliado tendo en conta os seguintes elementos, que terán o peso indicado na porcentaxe correspondente:

A) *Observación diaria na clase* : 10%:

B) *Probas escritas que demostren a adquisición dos contidos mínimos*: 40%

C) *Proxectos, prácticas e traballos variados* que permitan avaliar a adquisición das distintas competencias (deseñados en función dos estándares avaliábeis): 50%

Dependendo do bloque de contidos este apartado poderá incluír:

✓Traballos de investigación/ampliación e/ou prácticas de manexo de programas e equipamento informáticos:15%

✓Proxectos de construción ou montaxes prácticas na aula taller: 35%

Cando únicamente se realice o proxecto de construción, a súa cualificación incluírá o punto anterior, polo que terá un peso do 50% na avaliación, correspondendo un 15% á memoria técnica do proxecto e un 35% ao prototipo construído.

7.2. NAS MATERIAS DE TECNOLOXÍA DE 4º ESO, TECNOLOXÍA INDUSTRIAL DE 1º e 2º de BACHARELATO e ELECTROTECNIA DE 2 de BACHARELATO

Netas materias os elementos de avaliación terán o seguinte peso indicado en porcentaxe:

A) *Observación directa na clase*; 10%

B) *Probas escritas*: 60 %

C) *Parte práctica*: 30 % (traballos de investigación, prácticas de montaxe, identificación e análise de compoñentes, etc).

7.3. NA MATERIA DE TIC (4º DA ESO, e 1º e 2º DE BACHARELATO)

Netas materias os elementos de avaliación terán o seguinte peso indicado a continuación:

A) *Prácticas diarias das distintas aplicacións informáticas e traballos da ampliación*: ata o 60% da nota da avaliación.

Para estas prácticas o profesor marcará un prazo límite de entrega; as entregadas fora deste prazo poderán non ser valoradas.

B) *Probas prácticas de manexo de software* (que poderán incluír contidos teóricos): ata o 40% da nota da avaliación.

PARA TODAS AS MATERIAS.

A avaliación considérase aprobada se a media ponderada é como mínimo dun 4,5.

A recuperación de materia suspensa terá lugar nun exame final no mes de xuño.

Avaliación de xuño

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media das notas das 3 avaliacións.

A materia pode aprobarse en xuño tendo unha das avaliacións suspensa sempre e cando a media das tres sexa como mínimo dun 5.

Avaliación de setembro

O alumnado que non aprobe a materia en xuño dispón da convocatoria extraordinaria de setembro para examinarse.

Nesta convocatoria os alumnos deberán facer unha proba escrita que poderá incluír tamén contidos prácticos, como manexo de software informático.

Na materia de tecnoloxía da ESO poderáselle ofrecer ao alumnado a realización en verán dun proxecto técnico, que se entregaría o día do exame de Setembro. Este proxecto poderá sumar ata 5 puntos na nota desta convocatoria. En todo caso, os alumnos terán que facer a proba escrita.